



NOTA DE PRENSA

PEDRO SÁNCHEZ LEVARÁ AO CONGRESO DOS DEPUTADOS A DEMANDA DOS SOCIALISTAS E VECIÑOS DE LUGO PARA CONTAR CUN SERVIZO DE HEMODINÁMICA 24 HORAS NO HULA

O secretario xeral do PSOE considera a reivindicación “xusta, na sanidade non pode haber precariedade e cidadáns de primeira e de segunda”

En opinión do líder dos socialistas galegos, José Ramón Gómez Besteiro, “na Xunta de Feijóo non hai nin vontade política nin humanidade”

Lugo, 22 de abril de 2015. O secretario xeral do PSOE, Pedro Sánchez, comprometeuse hoxe en Lugo a levar ao Congreso dos Deputados a demanda dos socialistas e veciños da provincia para contar cun servizo de hemodinámica 24 horas e radioterapia no HULA.

Sánchez, xunto ao secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, e o alcalde de Lugo, Xosé López Orozco, participou nun encontro con enfermos afectados pola ausencia do servizo de hemodinámica e os tres puxéronse a camiseta co lema *Que non che rouben o corazón!* da campaña *Pon a Camiseta*, na que se demandan tamén unidades de radioterapia e medicina nuclear.

“O deterioro do estado de benestar provoca unha sociedade desigual, a reivindicación dos lucenses é xusta e os socialistas a levaremos ao Congreso dos Deputados, hai recursos para atender as principais demandas e na sanidade non podemos ter precariedade”, afirmou o secretario xeral do PSOE.

Para Pedro Sánchez, “esta situación provoca cidadáns de primeira e de segunda, as medidas de recortes na sanidade de Rajoy son dramáticas e o seguidismo de Feijóo aquí en Galicia lévanos a unha sociedade peor, temos que defender os servizos públicos”.

Pola súa parte, Besteiro manifestou que “non hai excusas, o que pasa realmente é que a Xunta de Feijóo non ten nin vontade política nin humanidade, a Deputación de Lugo comprometeuse a colaborar e aínda non tivemos una resposta”.

“O PP é insensible, Lugo non quere ser nin máis nin menos que o resto, levaremos ao Parlamento de Galicia esta causa que une a toda a provincia, e Feijóo e o seu goberno terán que facer pública a súa postura, a saúde está por encima de idearios políticos”, aseverou.



No acto, o alcalde de Lugo, Xosé López Orozco, recoñeceu que “os enfermos e os veciños moveron o noso corazón desde o principio, pero esta provincia non pode seguir así, esta batalla temos que gañala porque estamos falando da saúde das persoas”.

Por último, José Dono, enfermo de cancro e que sufriu tamén un infarto, relatou como tivo que ir “en coche á Coruña para que me atenderan, eu só quero os mesmos servizos que teñen o resto dos galegos”.

Saúdos, Comunicación PSdeG-PSOE